

## Unidade 03. Expressa os teus sentimentos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

Na miña vila, unhas veces chove e outras veces sae o Sol.

Uns días podes bañarte no río, tirarte de cabeza desde a ponte e asustar as troitas. Cando vai frío, podes arrimarte ao lume, asar castañas e quentar as mans.

Se chove pouco, non moito, só orballar, o outeiro de arxila convértese nunha pista de competición. Subir non é doado, porque esvaras. Sobes como podes, a gatas, caes e volves intentalo, conséguelo, chegas ao alto, colles pulo, e lánzaste a esvarar cobre a cueira dos pantalóns, a seres o mais rápido. A arxila salpícache na cara e ao pouco tempo todos parecemos o mesmo neno rebozado en pasta para facer porróns.

O xogo sempre remata igual, mamá enfádase e bótate nunha bañeira de auga enxaboada e frégame ata que parezo novo.

Despois do baño, se é de noite, non importa tanto ter que ir para a cama.

—Sen cear, por suposto.

É só unha ameaza. A mamá, case sempre, váiselle toda a forza pola boca.

Pola noite, cando estou na cama, vén o papá e falamos de todo: de ir, de facer ou de ter cousa. Falamos ata que entra mamá e di:

—Basta de leria.

A mamá entreabre a fiestra e apaga a luz.

Pola fiestra entreaberta vexo a estrelas, a Lúa nas noites que sae a Lúa, os avións que pasan polo alto e as naves espaciais que veñen doutros planetas.

Unha noite, unha nave espacial pousou no marco da fiestra. Estaba feita de luz e prata. Non me asustei ao vela. Baixou un ser diminuto que non era verde. Acercouse e díxome que no seu planeta xa maduraran as mazás.

Estas cousas sempre rematan ás oito, cun arrecendo a pan quente e a mamá que di:

—Arriba todo o mundo! Que hora credes que é?

Juan Farias

*Desde o corazón da mazá*

Tambre (adaptación)

## Unidade 03. Expressa os teus sentimentos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

1. Sinala que personaxe representa cada unha das ilustración.



2. Ordena as seguintes oracións segundo a orde en que aparezan na lectura.

- O rapaz está na cama falando co seu pai.
- O rapaz está esvarando polo monte de arxila.
- O rapaz está metido na bañeira, sacando a arxila do corpo.
- Ao rapaz visítao un ser diminuto doutro planeta.

3. Cres que realmente aterrou unha nave espacial na fiestra do rapaz? Que cres ti que aconteceu?

---

---

---

### Unidade 03. Expressa os teus sentimentos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

#### Coñecemento da lingua

4. Busca no dicionario un antónimo e un sinónimo das seguintes palabras.

Lea →

Escampar →

5. Substitúe en cada oración a palabra destacada polo seu antónimo e copia.

• Ese xardín ten **moitas** flores.

• \_\_\_\_\_.

• Teño as botas **sucias**.

• \_\_\_\_\_.

• A miña bicicleta é **nova**.

• \_\_\_\_\_.

## Unidade 03. Expressa os teus sentimentos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Literatura

6. Le atentamente este texto.

Hai moitos anos houbo un home chamado Gulliver, que sempre estaba recorrendo o mundo.

Viaxando nun barco polos mares do sur unha noite desencadeouse unha gran treboada e naufragaron. Gulliver chegou nadando ata unha praia. Saíu do mar esgotado e quedou durmido. Ao día seguinte cando se quixo erguer, non puido. Estaba fortemente atado mediante uns fíos e estacas. Cando se deu conta, estaba rodeado dunha multitude de ananos.



- Cal é nó da narración? Para sabelo contesta, que ocorreu?

---

---

---

---

7. Completa.

O nó dunha narración é a parte onde se conta o que

\_\_\_\_\_ aos personaxes.

